AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

Doutoramentos Industriais 2021 - IN606D

Data límite xustificación: **30 de decembro de 2024**[1] **(ver nota a pé de páxina)**

Documentación a presentar na sétima xustificación:

- Modelo de solicitude de pagamento.
- Documentación acreditativa de atoparse ao día nas súas obrigacións tributarias estatais, autonómicas e coa Seguridade Social **só no caso de denegar expresamente ou opoñerse á consulta por parte de GAIN.**
- Informe favorable da Comisión académica do programa de doutoramento (CAPD) e da persoa responsable por parte da empresa ou centro de innovación e tecnoloxía.
- Certificado de dedicación exclusiva ao proxecto asinado pola persoa investigadora e pola persoa directora ou codirectora da tese durante o período de xustificación.
- Certificado asinado polo órgano responsable de control da entidade onde conste a permanencia efectiva e a dedicación exclusiva da persoa investigadora ao programa.
- Unha copia da vida laboral de cada persoa contratada durante o período de permanencia no programa (no caso de que a persoa candidata non autorizase a súa consulta).
- Memoria final do traballo realizado asinado pola persoa contratada, co visto e prace da persoa directora ou codirectora da tese, que recolla os seguintes puntos:

  a) Data de lectura da tese de doutoramento ou a explicación do motivo de non tela lido.

  b) Indicación de se acadou a mención de doutor ou doutora internacional ou non, no caso de ter desfrutado da axuda para estadía.

  c) Breve resumo dos principais obxectivos de investigación acadados.

  d) Estadías ou ausencias temporais realizadas.

  e) Melloras do currículo durante a etapa en que gozou da axuda.

- Xustificación económica dos custos incurridos dende **maio de 2024 ata a finalización do contrato:**

<u>Custos de persoal</u>

– Copia das **nóminas** aboadas ao persoal de alta cualificación contratado e **xustificantes** bancarios que acrediten o seu pagamento.
– Impresos liquidación nominal do **IRPF (modelos 111**) e **xustificantes bancarios** que acrediten o seu pagamento.

1 A data límite para a xustificación dos **Custos do proxecto** é o 15 de decembro de 2024.

Custos do proxecto

Gastos elexibles:

1. **Gastos de viaxe e axudas de custo** da persoa doutoranda para a actividade obxecto da axuda.

2. **Pequeno equipamento inventariable e material funxible.**

3. Gastos de **servizos tecnolóxicos externos** relacionados co proxecto de doutoramento industrial.

Xustificaranse a través de:

– Copias das **facturas** e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa.

– Documentación **do pagamento das facturas**: transferencias bancarias, certificacións bancarias, extractos bancarios ou documentos obtidos a través da banca electrónica. Deberán estar claramente identificados emisor e receptor do pagamento, concepto e importe (ive incluido).

No caso en que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento.

No caso en que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, achegarase unha relación detallada destas en que se poida apreciar que o pagamento se corresponde coas devanditas facturas. No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, será necesario achegar o correspondente extracto bancario acompañado da orde de pagamento da empresa selada polo banco coa relación detallada das facturas.

En ningún caso se admitirán pagamentos xustificados mediante recibos do provedor, nin os pagamentos por caixa ou en efectivo.